

Roteiro 1
Histórico-Artístico:
O Conxunto de Bonaval e os Fondos de Arte



Santiago de Compostela. Anónimo, ca. 1904. (Col. Familia de la Riva)



O EDIFICIO

O antigo convento de San Domingos de Bonaval foi construído estratexicamente ás portas dunha das principais entradas da muralla que circundaba a cidadela medieval. Esta construción, atribuída pola lenda ao propio Domingo de Guzmán, data de 1219.

O conxunto arquitectónico está formado pola igrexa, o convento e a horta, hoxe reconvertida en parque público. Foi deseñado por Álvaro Siza e Isabel Aguirre e integra a natureza con mostras das distintas ocupacións deste espazo como, por exemplo, os restos do antigo camposanto municipal.





A IGREXA

A igrexa é a parte máis antiga deste conxunto. Construída entre os séculos XIII e XVIII, pódense observar nela distintas expresións artísticas de cada etapa construtiva, na súa cabeceira destaca o único exemplo de gótico mendicante que se conserva na cidade.

As naves da igrexa rodéanse de capelas con distintas advocacións. Podemos destacar a do Rosario, por ser a única que conserva culto; e a da Visitación, na que se atopa o Panteón de Galegos Ilustres, espazo dedicado a albergar os restos de persoas importantes na cultura galega desde que en 1891 se trasladaran desde Iria Flavia (Padrón) os restos da escritora Rosalía Castro ao mausoleo levantado en S. Domingos de Bonaval.

A partir deste enterramento, foise fraguando a idea de converter a igrexa de S. Domingos de Bonaval nun Panteón para albergar os restos doutras personalidades destacadas. Neste proxecto final, comparten espazo:





Alfredo Brañas (1859-1900), ideólogo do Rexionalismo galego; Ramón Cabanillas (1876-1959), o denominado “poeta da Raza”; Francisco Asorey (1889-1961), escultor; Domingo Fontán (1788-1866), autor da triangulación xeodésica de Galicia e da Carta de Galicia, coa que se adiantou 19 anos á cartografía do resto da península; e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950), político, artista e escritor, que foi un dos pais do nacionalismo galego loitando polo Estatuto desde o seu escano de deputado nas Cortes primeiro e desde o exilio tras o levantamento militar e a Guerra Civil. Na igrexa destaca tamén o coro reformado por Domingo de Andrade entre 1695 e 1705, período no que construíu o actual edificio conventual. O coro acolle un conxunto de arte sacra procedente da antiga igrexa e dos fondos do Hostal Real, entre os que

podemos destacar: diferentes tallas de época barroca, como o San Domingos de Cendón Buceta (1689), pertencente ao retablo da capela maior; a Entrega do Rosario a S. Domingos e Sta. Catarina (1666), pertencente ao retablo da Confraría do Rosario e encargado a Pedro de Taboada; e o Cristo do Desencravo (cara ao 1800) que supón o cumio dos crucificados de Ferreiro.

Tamén resalta pola súa factura e efectismo o facistol orixinal do convento que se empregaba para soste os libros de coro que recollen os cantos que acompañan á liturxia. Neste espazo resérvase un xusto lugar ao gravado, do que Compostela foi un grande expoñente, xa que chegou a constituírse unha Escola Compostelá nos século XVII e XVIII.





O CONVENTO

O corpo conventual que hoxe se conserva responde maioritariamente ao edificio realizado no século XVII por Domingo de Andrade. Do seu traballo neste edificio hai que destacar a tripla escaleira helicoidal e o claustro.

A escaleira, única no seu xénero en Europa, foi construída para organizar o espazo de circulación entre os distintos andares. Desenvólvese en tres ramplas despregadas nunha tripla hélice, que comunican cada unha das portas sen entrecruzarse, deixando o oco central despexado para o paso da luz procedente das catro xanelas que se abren na cúpula que coroa o conxunto.



O claustro, de aparencia regular, consta realmente de planta trapezoidal disimulada grazas aos efectos ópticos que Andrade dispuxo. Este espazo de tránsito aprovéitase para mostrar unha sección de epigrafa e escultura antiga así como de restos da fábrica do antigo convento.

No ano 1835, tras a desamortización, o convento de Bonaval pasa a ser propiedade do Concello de Santiago polo que distintas zonas do edificio se adaptarán a diferentes usos civís. No ano 1977 é cedido polo Concello para albergar as dependencias do Museo do Pobo Galego.



PINTURA

Durante séculos, o lugar da pintura galega foi o interior das igrexas, onde cubrían murais de carácter narrativo. A pintura sobre lenzo non se desenvolverá ata o barroco. A principios do XVIII a pintura galega comeza unha etapa tan frutífera como na arquitectura e na escultura. Por primeira vez podemos falar dunha escola galega de pintura, localizada en Santiago de Compostela ao redor do obradoiro de García de Bouzas que xuntou un bo número de discípulos, como Arias Varela e Landeira Bolaño. Hai que destacar que na pintura deste momento, as temáticas e referentes viñan impostos desde a Igrexa, a monarquía e a nobreza, polo que atopamos exemplos de pintura eclesiástica como mostras do retrato real.





Será Ferro Requeixo, pintor formado na Academia de San Fernando –da que chegou a ser director–e discípulo de Mengs, quen consiga introducir a nova estética neoclásica na pintura galega a través das diversas obras realizadas para Galicia, entre as que atopamos tanto retratos como cadros de temática histórica e relixiosa. A principios do século XIX o eclecticismo, a mestura de diferentes estilos, caracterizaba a pintura galega. O pintor máis demandado era Fernández Arosa quen, ademais de obra relixiosa, realizou diversos retratos para diferentes institucións como a Universidade compostelá ou o Hospital Real.

Cara ao segundo terzo do XIX a personalidade artística máis destacada era Cancela del Río, sobre todo polo labor académico que desempeñou en diversas entidades de Santiago de Compostela, instituindo así a figura do artista-profesor.

Sen dúbida a figura máis salientable de finais do século XIX foi Dionisio Fierros. Vinculado estreitamente a Galicia, cultivou todos os xéneros, desde o retrato burgués de gran fidelidade ata a paisaxe, ademais foi o creador dunha temática da que a pintura galega viviu durante case cen anos: o costumismo

A pintura do século XIX tivo o seu colofón na obra de artistas que naceron arredor do 1870 e morreron co cambio de século. Foron agrupados co nome de Xeración Doente, por ter morto todos na plenitude da vida e da súa obra artística, como Xenaro Carrero e Ovidio Murguía. A obra do grupo responde ás poéticas do momento: perda da importancia do tema, o naturalismo, a captación da luz, o axuste da cor local e unha factura libre.

A finais do século XIX xorde unha nova xeración, a do 98, na que hai que distinguir a quen adquiriu unha ampla formación fóra de Galicia e a quen, nacesse ou non aquí, realizou a súa obra integramente no País.

Ao primeiro grupo pertencen Álvarez de Sotomayor e Francisco Lloréns. A traxectoria de ambos levounos a se formar en distintos puntos do Estado e de Europa, pero foi a volta a Galicia a que definiu o seu estilo.



Os artistas que consolidaron a súa obra na segunda década do XX agrúpanse baixo o epígrafe de Pintores do 16 e relaciónanse co Nacionalismo do momento xa que moitos foron representantes da Xeración Nós. Tendo en conta os xéneros practicados, podemos facer unha clasificación en tres grupos interrelacionados: o costumista no que se integraban artistas como Xesús Rodríguez Corredoira de Castro e Roberto González del Blanco; o paisaxismo de Felipe Bello Piñeiro, Lino Martínez Villafínez e Manuel Abelenda que pretenderon captar a alma de Galicia a través das paisaxes cun punto de partida impresionista ou modernista, aínda que superando a simple captación óptica da natureza propia do impresionismo e sen o sentido ornamental dos simbolistas; e a ilustración que practicaban Máximo Ramos, Camilo Díaz Baliño, Federico Ribas ou o propio Castelao. Partindo do



Álvarez de Sotomayor cultivou todos os xéneros, desde composicións históricas á pintura de xénero, na que reinterpretaba Galicia e tentaba mostrar toda unha galería de tipos raciais de xeito subxectivo e coa beleza como primeiro principio estético. Este mesmo criterio vémosto en Francisco Lloréns, mostrando a paisaxe galega cunha fórmula subxectiva e idealizante coa que pretendía captar a propia alma da paisaxe. Unha constante na súa obra é o luminismo, aprendido con Sorolla. No segundo grupo temos a Tito Vázquez, formado en lugares como Valencia ou Madrid, e asentado en Santiago desde o 98. Na evolución estilística da súa pintura distínguense dúas etapas: a primeira na que práctica diversos xéneros, desde un naturalismo preimpresionista a outro máis incisivo e cunha paleta de cores na que irán predominando os grises. A segunda etapa mantén o naturalismo minucioso pero a paleta busca cores da terra e amarelos e vermellóns para as zonas de luz. Os artistas que consolidaron a súa obra na segunda década do XX agrúpanse baixo o epígrafe de Pintores do 16 e relaciónanse co Nacionalismo do momento xa que moitos foron representantes da Xeración Nós. Tendo en conta os xéneros practicados, podemos facer unha clasificación en tres grupos interrelacionados: o costumista no que se integraban artistas como Xesús Rodríguez Corredoira de Castro e Roberto González del Blanco; o paisaxismo de Felipe Bello Piñeiro, Lino Martínez Villafínez e Manuel Abelenda que pretenderon captar a alma de Galicia a través das paisaxes cun punto de partida impresionista ou modernista, aínda que superando a simple captación óptica da natureza propia do impresionismo e sen o sentido ornamental dos simbolistas; e a ilustración que practicaban Máximo Ramos, Camilo Díaz Baliño, Federico Ribas ou o propio Castela. Partindo do modernismo tocan desde aspectos sensuais e festivos ata temas sociais e de índole política. Desenvolven técnicas como o gravado, o cartelismo ou a ilustración en publicacións periódicas.